



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DA GUARDA O DÍA 11 DE ABRIL DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día onde de abril do ano dous mil catorce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria urgente do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero
- D. Paulino Rodríguez González
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D<sup>a</sup>. Carmen M<sup>a</sup> Castro González
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D<sup>a</sup>. Hortensia M<sup>a</sup> Vicente Santiago
- D. Javier González Verde
- D<sup>a</sup>. Carmen Gloria Fernández Ozores
- D. Xan Lois Lomba Alonso
- D<sup>a</sup>. Hortensia García Díaz
- D<sup>a</sup>. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

#### **PUNTO PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA.**

O señor Alcalde da conta da xustificación da urxencia:

“Convocada a licitación para levar a cabo a contratación da xestión do servizo de piscina cuberta e climatizada municipal no Concello da Guarda, e requerida mediante acordo plenario de 31 de xaneiro de 2014 a empresa TRANSGALAICA para a presentación do aval correspondente, unha vez presentado o mesmo en data 8 de abril de 2014, e para dar cumprimento ó disposto na cláusula 18 dos pregos que rexeron a contratación, que sinala que a adjudicación terá lugar no prazo de tres días hábiles dende a recepción da documentación, resulta necesaria a convocatoria dun pleno extraordinario urgente, dado que é o Pleno o órgano de contratación que debe proceder á adjudicación do citado contrato, e sen que sexa posible dar cumprimento ós prazos de convocatoria propios dunha sesión ordinaria.

Por todo isto, xustifícase a urxencia da sesión plenaria convocada para o día 11 de abril de 2014.”



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez di que bota en falta a xustificación da urxencia, non entenden porque o poñen así os pregos.

O señor Lomba Alonso di que a propia xustificación da urxencia certifica a falta de responsabilidade do equipo de goberno á hora de cumprir os prazos e de esixir responsabilidades. Di que a urxencia se podería aplicar a outras iniciativas presentadas polos grupos neste plenario. Se houbera feito as cousas ben, se faría pola vía ordinaria e non urxente; se fan as cousas tarde e mal, pero o BNG votará a favor da uxencia, como soe ser habitual neles, aínda que a votación do punto seguinte será outra historia.

A señora Iglesias Ferreira di que entenden que ao ser un Pleno Extraordinario isto supón a urxencia, votarán a favor.

O señor Español Otero di que unha vez recibiu o aval, os pregos dan tres días hábiles para a adxudicación, que debe facerse polo Pleno, pedindo á secretaria que o aclare, contestando a secretaria que se está cumprindo o que din os pregos.

Sometida a votación a urxencia foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (dezaséis votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sra. Estévez Álvarez (unha abstención).

### **PUNTO SEGUNDO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DA GUARDA.**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“**CONSIDERANDO** que mediante acordo plenario de 24 de xaneiro de 2014 aprobouse o expediente de contratación, así como do Prego de cláusulas administrativas-técnicas da contratación da xestión do servizo de piscina cuberta e climatizada municipal no Concello da Guarda, procedéndose pola mesa de contratación á apertura das ofertas presentadas polas seguintes empresas:

- TRANSGALAICA.
- VIRAXES.

**CONSIDERANDO** que a oferta máis ventaxosa é a presentada por TRANSGALAICA e sendo requerida para a presentación do aval e certificados esixidos, se presenta en data 8 de abril de 2014 xustificante de ingreso da garantía definitiva así como xustificante do abono dos gastos dos anuncios derivados da licitación.

Por todo o exposto, propono ó pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1.- Adxudicar o contrato da xestión do servizo de piscina cuberta e climatizada municipal no Concello da Guarda a TRANSGALAICA, nos seguintes termos:

DURACIÓN DO CONTRATO: OITO ANOS.

MELLORAS OFERTADAS:

- a) asumindo o 13,5% do custo anual de electricidade e combustible
- b) realizando un investimento inicial en mellora ou ampliación de equipamentos deportivos de 62.309,59 €
- c) Dispón de Plan de Calidade do servizo de mantemento, limpeza e hixienización, do servizo de control de acceso e recepción e do servizo de formación deportiva acuática.
- d) Co cadro de tarifas que se especifica na oferta técnica
- e) Cun horario reflexado na oferta que supón un incremento de 3 horas semanais respecto ao horario mínimo de setembro a xuño. De setembro e a xuño: 73 horas; no verán 54 horas
- f) Co programa de cursos incluído na oferta técnica

2.- Requerir ó adxudicatario, TRANSGALAICA para que proceda a formalización do contrato no prazo non superior a quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da recepción do presente requerimento, facultado ó señor Alcalde para levar a cabo a sinatura do correspondente contrato.

3. -Notificar a presente resolución ós interesados, ó departamento de Intervención, e proceder a súa publicación así como a da formalización no perfil do contratante municipal.”

A señora Estévez Álvarez di que votarán en contra, non están de acordo co contrato.

O señor Lomba Alonso di que votarán en contra. Xa deron explicacións anteriormente. Trátase dunha forma de traballar irresponsable, chegan tarde e os pregos non cumpriron as expectativas que o BNG amosou por escrito.

A señora Iglesias Ferreira di que en moitas ocasións solicitaron sacar este contrato a concurso. Trátase dun servizo necesario, e era un bo momento para intentar mellorar o contrato. Se lles deu a posibilidade de aportar suxerencias ós pregos, o fixeron, e saben que todo é mellorable, pero se tiveron en conta as súas suxerencias, e se conseguiu un maior aporte aos gastos e que conte cunha inversión económica necesaria. Insiste en que todo é mellorable, pero se lles deu a posibilidade de participar, e por responsabilidade, queren a continuación deste servizo que consideran importante para o pobo.

O señor Español Otero agradece ó PP a súa postura, e esperan poder colaborar noutros pregos.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos en contra).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago e Fernández Ozores (seis abstencións).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace  
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre